

MÁSCARAS UDC

As máscaras adquiridas pola Universidade da Coruña en data de 30 de xullo de 2020, distribuídas no primeiro cuadrimestre entre a súa comunidade universitaria, posúen os certificados requiridos para o seu uso, de acordo coas seguintes normativas/especificacións que acredita o proveedor, empresa de recoñecida solvencia:

- Normativa Europea CWA 17553
- UNE 0065:2020
- UNE-EN 13274
- Norma ISO 5077:2008
- Norma EN-ISO 9237
- UNE-EN ISO 12945-2
- UNE-EN 14683:2019 + AC:2019
- Directiva Europea 2004/21/CE (24-02-2004)
- Directiva Europea CEE/93/42
- ISO 811
- UNE-EN ISO 6330:2012

A máscara hixiénica reutilizable entregada pola UDC cumpre a norma UNE 0065:2020 para a fabricación de máscaras deste tipo.

A adquisición de máscaras para a UDC en data de xullo do pasado ano realizouse seguindo os parámetros de xestión de compras habituais, con comparativa de especificacións técnicas e certificacións das distintas empresas e tendo en consideración a experiencia de compra destas mesmas máscaras por parte doutras institucións galegas.

Tal e como indica AENOR respecto ás máscaras hixiénicas reutilizables:

- As máscaras hixiénicas non son produtos sanitarios polo que o fabricante non necesita licencia previa de funcionamento outorgada pola AEMPS (Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios).
- As máscaras hixiénicas están destinadas a nenos/adultos/traballadores sen síntomas, que non sexan susceptibles de utilizar máscaras cirúrxicas nin máscaras filtrantes de protección contra partículas, segundo as medidas establecidas no documento técnico “Prevención e control da infección no manexo de pacientes con COVID-19” publicado polo Ministerio de Sanidade.
- A especificación UNE para as máscaras hixiénicas reutilizables é a UNE 0065, tal e como aparece tamén na páxina do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Lembra:

- Non baixes a garda! Ningunha máscara pode garantir un 100% de protección. Por iso é moi importante protexerse con outras medidas complementarias como son a distancia e o lavado de mans, entre outras. Segue os protocolos de seguridade publicados en www.udc.gal/covid-19 nos que se indica que todas aquelas persoas con síntomas compatibles coa Covid-19, así como aquelas que estivesen en contacto con persoas positivas non deben acceder ás instalacións universitarias.

Coidémonos!